

materia

Estados Contables

unidade didáctica 2

0 balance

Luís Ignacio Rodríguez Gil

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA

titulación

Grao en Administración e Dirección de Empresas



unidade didáctica 2

0 balance

Luís Ignacio Rodríguez Gil
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



© Universidade de Santiago de Compostela, 2011

Deseño

Unidixital

Edita

Vicerreitoría de Estudantes, Cultura
e Formación Continua da
Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime

Unidixital

Servizo de Edición Dixital da
Universidade de Santiago de Compostela

Dep. Legal: C 2090-2011

ISBN 978-84-9887-736-6

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos.
Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta
obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-
trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen
consentimento expreso por escrito dos editores.

MATERIA: O balance

TITULACIÓN: Grao en Administración e Dirección de Empresas

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. A comunicación de información empresarial

Unidade II. O balance

Obxectivos e características.

Compoñentes: Activo, Pasivo e Patrimonio

Unidade III. O Estado de perdas e ganancias

Unidade IV. O Estado de cambios do patrimonio

Unidade V. O Estado de fluxos de efectivo

Unidade VI. A memoria e outros informes narrativos

Unidade VII. Outras informacións

Unidade VIII. A información consolidada

ÍNDICE

Presentación	7
Os obxectivos	7
A metodoloxía	8
Os contidos básicos	9
1 Obxectivos e características	10
2 Compoñentes: activo, pasivo e patrimonio	14
2.1 O activo: definición	14
2.1.1 Clasificación	15
2.1.2 Valoración.....	16
2.2 O pasivo: definición	16
2.2.1 Clasificación	16
2.2.2 Valoración.....	16
2.3 O patrimonio: definición	17
2.3.1 Clasificación	17
2.3.2 Valoración.....	17
Actividades propostas	17
Avaliación da unidade didáctica	18
Anexos	20
Bibliografía	26

PRESENTACIÓN

A contabilidade encárgase de estudar, medir, rexistrar e comunicar determinados feitos económicos, co fin de que resulte útil na toma de decisión e control os distintos axentes económicos (administración pública, entidades financeiras, clientes, provedores, investidores, xestores, propietarios, etc.). Para cumprir este cometido e comunicar a información contable, previamente elaborada, publican os estados contables. O produto final da contabilidade son os estados contables ou estados financeiros que son o resumo da situación económica e financeira da empresa. Os estados contables están formados polo balance, a conta de resultados, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria.

Os alumnos de terceiro curso do grao contan cos coñecementos que lles permiten estudar, medir, rexistrar os feitos económicos que é unha das partes do proceso contable. Con esta materia culmínase a última fase deste proceso que é a comunicación da información contable os distintos usuarios. Tamén permitirá a interpretación e a obtención de información a partir dos estados contables. Deste xeito, esta unidade é importante para a formación do alumno ao permitirlle unha maior comprensión do funcionamento contable dunha empresa, ter una visión global de todo o proceso contable, ó tempo que resulta necesaria para o correcto desenvolvemento das unidades posteriores de materias tales como Análises de Estados Contables. En canto á duración, está deseñada para ser desenvolvida nunhas 5-6 horas entre expositivas e interactivas.

OS OBXECTIVOS

En canto aos obxectivos xerais, o programa da materia pretende ofrecerlle ó alumno unha visión sobre os estados contables. Preténdese que os alumnos que cursen esta materia poidan:

- complementar os coñecementos adquiridos nas materias contables previas;
- identificar as contas anuais dunha empresa;
- coñecer, identificar e aplicar as normas nacionais e internacionais que regulan a elaboración, os contidos e a forma de presentación dos estados financeiros individuais e consolidados;
- comprender as relacións entre a actividade da empresa e os estados financeiros;
- relacionar os diferentes estados contables;
- comprender os principais aspectos da contabilidade dos grupos.

Como obxectivos específicos propoñémonos que ó rematar a unidade didáctica o alumno/a será capaz de:

- valorar a importancia do balance de situación como elemento comunicador da situación patrimonial;
- describir e identificar a situación patrimonial da empresa;
- a partir das distintas contas obtidas a través dos asentos contables (visto en cursos anteriores) elaborar un balance de situación de acordo a normativa aplicable;

- coñecer, identificar e aplicar as normas nacionais e internacionais que regulan a elaboración, os contidos e a forma de presentación do balance;
- identificar de entre as distintas contas anuais o balance e as particularidades dos modelos de balance individual;
- ver a relación entre a actividade da empresa e o balance.

A METODOLOXÍA

A metodoloxía que se vai empregar será semellante para todas aquelas unidades didácticas que fagan referencia aos distintos estados contables e de forma xeral e moi resumida consistirá en expoñer e dar a coñecer os conceptos teóricos e legais nas horas expositivas, reforzar, asentar, debater e levar a práctica estes conceptos nas horas interactivas e por último un pequeno traballo en grupo que versará sobre algunha das contas anuais dunha empresa.

Xa máis en concreto e para esta unidade didáctica, desenvolverase en sesións na aula, dedicadas a clases expositivas, que teñen por obxectivo introducir e explicar os conceptos básicos de cada tema do programa, mediante lección maxistral proxectando na aula unha presentación, tamén se compaxinará con exemplos prácticos para reforzar a aprendizaxe dos distintos aspectos teóricos vistos. O alumno terá con tempo previo, o material audiovisual que se use na exposición. Neste sentido, proporcionarase a información necesaria para permitir o desenvolvemento axeitado do proceso de aprendizaxe autónomo, mediante a utilización da plataforma virtual da USC. Simultaneamente, os alumnos organizados en grupos terán que escoller unha empresa para posteriormente analizar e estudar os seus estados contables, neste tema en concreto, terán que utilizar o balance. Proporcionarase a información necesaria para permitir o desenvolvemento axeitado do proceso de aprendizaxe autónoma, mediante a utilización da plataforma virtual da USC.

Por outra banda, nas sesións interactivas dedicarase á resolución na aula de diferentes casos prácticos e exercicios, á discusión de solucións doutros exercicios propostos para resolver na casa e ó debate ou discusión técnica sobre cuestións diversas. Así mesmo; utilizaranse nestas sesións balances de empresas reais para ver distintas características destes estados contables, e de esta maneira que vexa o alumno na realidade os distintos conceptos teóricos estudados. Previamente, os alumnos terán os enunciados dos problemas que se deben resolver e a información necesaria para a preparación das cuestións que se van discutir, para este fin, como xa se comentou, utilizarase a plataforma virtual da USC.

Xa por último, proporanse os correspondentes grupos a realización de certas actividades sobre o balance elixido, os alumnos poderán asistir ás tutorías para resolver os problemas que poidan xurdir. Con isto preténdese facer un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno.

OS CONTIDOS BÁSICOS

No plan xeral de contabilidade establécese que as contas anuais ou estados financeiros forman unha unidade e están integrados polo balance, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria, en consecuencia, o balance é un dos principais informes que proporciona o sistema contable.

Os estados financeiros teñen un obxectivo básico que é proporcionar información de utilidade para a toma de decisións dos distintos usuarios. As contas anuais configúranse como a síntese informativa do proceso de rexistros contables practicados pola empresa durante un exercicio económico.

A normativa reguladora das contas anuais basicamente está contida:

- no código de Comercio. Destina ás contas anuais a sección segunda e terceira;
- na normativa en materia de sociedades. Para as sociedades anónimas e, por extensión, para todas as sociedades que se remiten en materia de información contable ás normas reguladoras destas (sociedades de responsabilidade limitada, anónimas laborais e comanditarias por accións, entre outras), a Lei de Sociedades de Capital (LSC) dedica o Título VII ás contas anuais;
- no Plan Xeral de Contabilidade (PXC). O PXC destina a súa parte 3ª ás contas anuais, sendo o seu contido de aplicación obrigatoria para toda clase de empresas. Esta parte está dividida á súa vez en tres seccións:
 - normas para a elaboración das contas anuais;
 - modelos de contas anuais;
 - modelos de contas anuais abreviadas;
- e nas Normas para a Formulación de Contas Anuais Consolidadas e outras. O Real Decreto 1159/2010 aproba as Normas para a Formulación das Contas Anuais Consolidadas.

As contas anuais elabóranse cunha periodicidade de doce meses, salvo nos casos de constitución, modificación da data de peche do exercicio social ou disolución. As contas anuais deben ser formuladas polo empresario, nas empresas cuxo titular sexa unha persoa física, ou polos administradores, se a titularidade corresponde a unha persoa xurídica. Todos eles responden da súa veracidade, durante un prazo máximo de tres meses, a contar dende o peche do exercicio.

Prevense dous modelos normalizados de contas anuais: normal e abreviado. En principio, toda empresa ou empresario individual está obrigado a formular, como mínimo, as contas anuais segundo os modelos abreviados. Se ben, nada impide que utilice os modelos normais. Non obstante, as sociedades anónimas e as limitadas, incluídas as laborais, as sociedades en comandita por accións e as sociedades cooperativas deben adaptarse, en principio, ó modelo normal. Así mesmo, as sociedades colectivas e comanditarias simples, cando á data de peche do exercicio

todos os socios colectivos sexan sociedades españolas ou estranxeiras, tamén deben adaptarse ó modelo normal.

1 Obxectivos e características

O Balance: é un estado contable de natureza estática que presenta unha relación dos elementos que compoñen a estrutura financeira e económica da empresa nun momento concreto. Deste xeito, subministra información relativa a situación patrimonial. En concreto, representa a síntese das contas patrimoniais referidas ó peche do exercicio.

Este estado contable é expresión da coñecida ecuación fundamental patrimonial ou ecuación de balance que é fundamento do método de rexistro baseado na partida dobre. A súa representación pode tomar calquera das seguintes formas:

ACTIVO	=	PATRIMONIO NETO + PASIVO
ESTRUTURA ECONÓMICA	=	ESTRUTURA FINANCEIRA
INVESTIMENTOS / APLICACIÓNS	=	FINANCIACIAMENTO / ORIXES

O balance consta de dúas grandes partes: estrutura financeira (patrimonio neto e pasivo) e estrutura económica (activo).

Estrutura financeira: é o reflexo das fontes de financiamento e permite identificar as diferentes formas ás que recorreu a empresa para captar recursos. Ordénanse en función da natureza dos recursos captados, o patrimonio neto que determina a riqueza en termos contables dunha empresa (os non esixibles por pertencer aos socios) e os esixibles por terceiros. Á súa vez o esixible clasifícase en función do prazo de reembolso, e pódese falar de esixible a curto prazo e esixible a longo prazo.

Estrutura económica: é o reflexo dos investimentos efectuados e dos dereitos adquiridos cos recursos captados. A clasificación fai referencia á función que o elemento patrimonial xoga na empresa. O activo non corrente agrupa ós investimentos estruturais da firma, cun proceso lento de realización, mentres que activo corrente comprende os elementos que participan no ciclo de explotación e/ou cuxo prazo de conversión en liquidez non excede polo xeral dun exercicio económico.

Nestes termos defínese o contido do balance de situación na norma de elaboración das contas anuais número 6 do Plan Xeral de Contabilidade: "O balance comprende, coa debida separación, o activo, o pasivo e o patrimonio neto da empresa..." en resumo o balance vai informar sobre os bens, dereitos, débedas e neto da entidade.

Por conseguinte, o obxectivo básico do balance é subministra información sobre os recursos económicos (activo) e sobre a estrutura

financeira ou as fontes de financiamento (pasivo esixible e patrimonio neto) nun momento concreto de tempo.

En canto á utilidade do balance temos que indicar que aínda que presenta unha serie de limitacións (que logo apuntaremos), subministraranos información valiosa sobre:

- os recursos económicos (estrutura económica) que posúe a empresa, o que nos permite apreciar a súa capacidade de xeración de fluxos de caixa;
- a forma en que foron financiados tales recursos (estrutura financeira), que serve para medir o endebedamento actual e predicir as necesidades futuras e as posibilidades de obter financiamento adicional, a capacidade de atender as súas obrigas a curto e longo prazo;
- a composición do patrimonio neto;
- información de gran utilidade para a análise, xa que permite o estudo de distintas ratios que miden, entre outros, a solvencia, a liquidez ou a capacidade de endebedamento da empresa.

Se ademais efectuamos unha comparación no tempo, con balances consecutivos, podemos investigar e interpretar:

- o desenvolvemento dos equilibrios patrimoniais no tempo;
- o proceso de financiamento;
- o ritmo de investimentos;
- a potencialidade económico financeira;
- o proceso de autofinanciamento, amortización, renovación, etc.;
- permite facer predicións sobre o desenvolvemento futuro da entidade.

De acordo co PXC as características máis destacables do balance son:

- claramente identificado coa súa denominación, a empresa a que corresponde e o exercicio o que se refire;
- expresarse en euros, aínda que tamén poderán presentarse en miles ou millón de euros indicando tal circunstancia nas contas anuais;
- presentación en forma vertical, resaltando as masas patrimoniais máis significativas;
- periodicidade mínima de doce meses;
- presentación por o valor neto contable: as distintas correccións valorativas minorarán a partida do activo correspondente;
- o activo clasifícase desde as partidas menos líquidas (inmobilizado) ás máis líquidas (efectivo);
- o pasivo ordénase de menor grado de esixibilidade (capital) a maior grao de esixibilidade (acreedores comerciais);
- en cada partida deberá figurar, ademais das cifras do exercicio que se cerra as correspondentes ao exercicio inmediatamente anterior; non figurarán partidas ás que non corresponda importe ningún no exercicio nin no precedente;
- prestarase en cada partida, se procede, referencias cruzadas coa memoria;

- poden facerse subdivisións máis detalladas das partidas que aparecen nos modelos, así como engadir novas partidas sempre que o seu contido non estea previsto nos existentes. Tamén poderán agruparse partidas precedidas de números árabes se representan un importe irrelevante;
- os crédito e débedas con empresas do grupo e asociadas figurarán nas partidas correspondentes, con separación das que non correspondan a empresas do grupo ou asociadas respectivamente. Inclúiranse nas partidas relativas ás empresas asociadas ás relacións coas empresas multigrupo;
- segundo o tamaño da empresa, o PXC contempla dous formatos: balance normal e abreviado. A clasificación do balance normal realízase por grupos que aparecen precedidos por letras; estes grupos divídense á súa vez en apartados, que aparecen precedidos de números romanos, e á súa vez estes conteñen partidas precedidas de números árabes (ver modelo PXC). Este modelo normal é o máis amplo en contido e nivel de desagregación. poden formular balance abreviados as sociedades que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dúas das seguintes circunstancias (LSC art.257 e 261):
 - que o total das partidas do activo non supere os dous millóns oitocentos cincuenta mil euros. Para estes efectos entenderase por total activo o total que figura no modelo do balance;
 - que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os cinco millóns setecentos mil euros; ou
 - que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a cincuenta.

Con respecto a este punto cómpre aclarar varias cuestións: as sociedades perderán esta posibilidade se deixan de reunir, durante dous exercicios consecutivos, dúas das circunstancias sinaladas anteriormente; ademais, no primeiro exercicio social dende a súa constitución, transformación ou fusión, as sociedades poderán formular contas anuais abreviadas se reúnen, ó peche do devandito exercicio, polo menos dúas das tres circunstancias requiridas. As sociedades cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea, non poderán formular contas anuais abreviadas. O International Accounting Standards Board (IASB) non prescribe un modelo obrigatorio de estados financeiros, nin de cada un dos estados que compoñen estes. Non obstante, a Norma Internacional de Contabilidade (NIC) núm. 1 «Presentación de Estados Financeiros» e a (NIC) núm. 7 «Estado de Fluxos de Efectivo» establecen uns requisitos mínimos de desagregación e presentación, que deben completarse segundo as circunstancias, e nas que inclúen exemplos ilustrativos dos distintos compoñentes dos estados financeiros.

- contéplanse uns modelos reducidos para empresas pequenas e medianas empresas (PEMES) e microempresas, neste caso

concreto. A aplicación do PXC de Pemes é voluntaria para as empresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, individual ou societaria, sempre que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, dúas das condicións seguintes:

- o que o total das partidas do activo non supere os dous millóns oitocentos cincuenta mil euros;
- o que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os cinco millóns setecentos mil euros;
- o que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a cincuenta.

Realizada a elección de aplicar un ou outro Plan manterase esta decisión durante un prazo mínimo de tres anos, agás, no suposto de que aplicando o PXC de Pemes deixe de reunir os requisitos para poder seguir facéndoo, é dicir, que deixe de reunir durante dous exercicios dúas das circunstancias cuantitativas anteriormente expostas ou que entre nalgún dos seguintes suposto: a) Que emitisen valores admitidos a negociación en mercados regulados ou sistemas multilaterais de negociación, de calquera Estado membro da Unión Europea. b) Que formen parte dun grupo de sociedades que formule ou debese formular contas anuais consolidadas. c) Que a súa moeda funcional sexa distinta do euro. d) Que se trate de entidades financeiras que capten fondos do público asumindo obrigas respecto a estes e as entidades que asuman a xestión das anteriores.

Á hora da súa elaboración, o balance baséase nos seguintes principios e criterios:

- hipótese de empresa en funcionamento e principio do devengo. O balance preséntase baixo a premisa de que a xestión da empresa continuará no tempo e os sucesos económicos recoñécense cando nace o dereito ou a obriga;
- comparabilidade: móstranos tamén os datos do ano anterior. Se para o exercicio actual se producen cambios, xa sexa na súa estrutura ou ben por realizar cambios nos criterios contables ou emendar erros deberase adaptar o exercicio precedente, informando detalladamente na memoria;
- uniformidade: non se deberá modificar os criterios de contabilización nin a estrutura de un exercicio a outro, salvo casos excepcionais e xustificadas;
- importancia relativa: pódense agrupar partidas sempre que se siga mostrando a imaxe fiel;
- non compensación das partidas acreedoras e debedoras, excepto determinados activos e pasivos financeiros.

Como xa anticipamos ó balance atribúenselle unha serie de limitacións que pasamos a enumerar:

- no balance mestúranse partidas ás que se lles aplicou criterios de valoración heteroxéneos (aínda que á maior parte das partidas se

lles aplica o custo histórico hai algunhas ás que se lles aplica o valor venal ou o valor de mercado);

- non reflicte valores actuais porque se adoptou como criterio de valoración o custo histórico (comentario sobre revalorizacións, modificacións na normativa contable). Tamén considera que a unidade monetaria é estable;
- para a súa elaboración é preciso realizar estimacións, por conseguinte, é facilmente manipulable e determinadas partidas contan con un marcado carácter subxectivo;
- algunhas das partidas son o resultado de procesos de eleccións entre distintas alternativas aplicables;
- determinadas partidas por si mesmas non son perfectamente comprensibles, requiren de información complementaria;
- omite certas partidas que a pesar de que teñen valor para o negocio non poden ser rexistradas (intanxibles);
- o carácter estático da información que impide reflectir a actividade da empresa durante o exercicio, só ofrece saldos finais que non teñen por que coincidir cos valores medios.

2 Compoñentes: activo, pasivo e patrimonio

Cando se formula un balance os tres compoñentes básicos son os activos, pasivos esixibles e patrimonio neto. As definicións de estas tres categorías conceptuais veñen recollidas no marco conceptual do Plan Xeral de Contabilidade e no que se denomina elementos das contas anuais.

2.1 O activo: definición

Os activos son os bens, dereitos e outros recursos controlados economicamente pola empresa, resultantes de sucesos pasados, dos que é probable que a empresa obteña beneficios económicos no futuro. Estes elementos transformaranse en efectivo de forma máis ou menos rápida.

Desta clasificación derívanse os seguintes atributos necesarios para que unha determinada partida adquira esta categoría:

- recursos controlados pola empresa: esíxese o seu “control económico”, é dicir, cando a empresa dispón ou pode dispoñer para o seu uso ou goce, e non a súa propiedade legal, en consecuencia, pode haber bens como os bens en réxime de arrendamento financeiro ou *leasing* que se inclúen como activo aínda que non adquire a súa propiedade legal plena ata que exerce a opción de compra;
- orixes en transaccións ou outros acontecementos pasados: o control debe producirse como resultado de feitos ou transaccións pasada e non como consecuencia de posibilidades futuras máis ou menos certas, en resumo, o control ha de ser certo e non depender de que acontezan determinados feitos ou se cumpran certas condicións Polo tanto, as transaccións ou sucesos que se espera acontezan no futuro non dan lugar á existencia de activos;

- probabilidade de obtención de rendementos económicos no futuro: o recurso ten que ter capacidade para contribuír á xeración de rendementos, é dicir, debe ser útil e beneficioso para a empresa. A coexistencia dos tres atributos mencionados anteriormente é unha condición necesaria para que unha partida poida ser conceptuada como activo. Pero para ser incluído ou recoñecer un ben ou dereito no balance requírese (rexistro) ademais, que poida ser medido en unidades monetarias con exactitude razoable, fiabilidade, requisito de recoñecemento. Así, os activos xerados internamente (valor clientela, capacidade dos empregados, etc.) non se recollerán no balance da empresa en base á ausencia de transacción previa e o requisito de recoñecemento. Por último, o PXC establece un requisito adicional para o recoñecemento inicial dun activo intanxible que é o que poderíamos denominar criterio de identificabilidade o que implica que o activo sexa separable (en consecuencia vendido, cedido...) ou xurda de dereitos legais ou contractuais.

2.1.1 Clasificación

A clasificación realízase atendendo ó tempo que se prevé necesario para que os activos se transformen en efectivo, neste sentido, o activo debe recoller, coa debida separación, activo corrente e activo non corrente.

O activo corrente está formado por:

- os activos vinculados ó ciclo normal de explotación que a empresa espera vender, consumir ou realizar no transcurso deste. Con carácter xeral, o ciclo normal de explotación non pode exceder do ano,
- aqueles activos, diferentes dos citados anteriormente, cuxo vencemento, alienación ou realización se espera que se produza nun prazo máximo dun ano, contado a partir da data de peche do exercicio. En consecuencia, os activos financeiros non correntes reclasificaranse en correntes na parte que corresponda;
- os activos financeiros clasificados como mantidos para negociar, agás os derivados financeiros con vencemento superior ó ano;
- o efectivo e outros activos líquidos equivalentes cuxo uso non estea restrinxido, para ser intercambiados ou utilizados para cancelar un pasivo, polo menos dentro do ano seguinte á data de peche do exercicio.

O activo non corrente comprende todo elemento de activo que non poida clasificarse como corrente.

Se os feitos nos que se basea a clasificación se producen despois do peche do exercicio, aínda que sexan anteriores á data de elaboración das contas anuais, non deben ser tidos en conta na elaboración destas, agás que se consideren relevantes para mostrar unha imaxe fiel da situación da empresa xa que, neste suposto, se deberá incluír na memoria a información pertinente para lograr ese obxectivo de presentación da imaxe fiel.

2.1.2 Valoración

As normas de valoración específicas para os distintos activos do balance encóntranse na segunda parte do PXC normas de valoración.

2.2 O pasivo: definición

Os pasivos son as obrigas actuais xurdidas como consecuencia de sucesos pasados, cuxa extinción é probable que dea lugar a unha diminución de recursos que poidan producir beneficios económicos. Estes elementos converteranse en esixibles polo que no pasivo se entenden incluídas as provisións

Desta clasificación derívanse os seguintes atributos necesarios para que unha determinada partida adquira esta categoría:

- a obriga representa unha débeda no momento actual: en este senso, os acordos de compra de activos no futuro non cumprirían este requisito salvo que o compromiso fose irrevogable;
- a obriga ten a súa orixe en transacción ou outros sucesos xa pasados: así non se recoñecerá ningún pasivo para facer fronte a eventuais riscos como por exemplo fenómenos naturais futuros;
- que sexa probable que a entidade teña que desprenderse de activos para a súa cancelación: a obriga ha de ser onerosa para o debedor;
- ó igual que no caso dos activo, para que unha obriga figure no balance esíxese que o importe se poida determinar con fiabilidade. Se unha obriga non pode estimarse con suficiente fiabilidade constitúe o que se denomina pasivo continxente. Non figuran no balance, aínda que hai que informar sobre isto na memoria.

2.2.1 Clasificación

A clasificación realízase atendendo ó tempo que se prevé necesario para que os pasivos pasen a ser esixibles. O pasivo comprende, coa debida separación, pasivo corrente e pasivo non corrente.

O pasivo corrente debe incluír, con carácter xeral:

- as obrigas vinculadas ó ciclo normal de explotación que a empresa espera liquidar no transcurso deste;
- as obrigas cuxo vencemento ou extinción se espera que se produza no curto prazo, é dicir, no prazo máximo dun ano contado a partir da data de peche do exercicio. En consecuencia, os pasivos non correntes clasifícanse en correntes na parte que corresponda;
- os pasivos financeiros clasificados como mantidos para negociar, agás os derivados financeiros cuxo prazo de liquidación sexa superior a un ano.

O pasivo non corrente comprende os demais elementos do pasivo que non poidan clasificarse como correntes.

2.2.2 Valoración

As normas de valoración específicas para os distintos pasivos do balance encóntranse na segunda parte do PXC normas de valoración.

2.3 O patrimonio: definición

O patrimonio neto constitúe a parte residual dos activos da empresa, unha vez deducidos todos os seus pasivos. Inclúe as achegas realizadas, xa sexa no momento da súa constitución ou noutros posteriores, polos socios ou propietarios, que non teñan a consideración de pasivos, así como os resultados acumulados ou outras variacións que lle afecten. Son recursos non esixibles por terceiros alleos á propiedade e o seu reintegro producirase de forma xeral á extinción da actividade empresarial. O seu importe depende do conxunto de convencións, hipóteses, principios contables e criterios de valoración utilizados para determinar os activos e pasivos.

2.3.1 Clasificación

A clasificación do patrimonio realízase en función da natureza dos recursos captados. O PXC divide o patrimonio neto en tres apartado:

- fondos propios: recolle as achegas dos propietarios, os resultados obtidos e as operacións con accións propias;
- axustes por cambios de valor: recolle as ganancias ou perdas non realizadas derivadas de valorar periodicamente a valor razoable os activos financeiros dispoñibles para a venda, tamén inclúe as ganancias ou perdas de instrumentos de cobertura de fluxos de efectivo eficaces, así como os ingresos fiscais a distribuír en varios exercicios;
- subvencións, doazóns e legados: as cantidades non reintegrables entregadas á sociedade. Se son realizadas polos socios figurarán na epígrafe A.1.VI «Outras achegas de socios» da rúbrica fondos propios. As cantidades entregadas por terceiros figurarán a subgrupación A-3 «Subvencións, doazóns e legados recibidos».

2.3.2 Valoración

As normas de valoración específicas para os distintos compoñentes do patrimonio encóntranse na segunda parte do PXC normas de valoración.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Para impartir esta unidade didáctica vanse levar a cabo unha serie de actividades que pasamos a explicar.

Previamente, para que vexan o interese, a aplicación práctica e para motivar, imos formular na aula unha serie de cuestións sobre a información achegada por un balance (o profesor levará un balance de unha empresa real), e un pequeno cuestionario que se resolverá a través da análise e comprensión do balance. Unha vez feito o cuestionario, entre todos na clase comentarase a información que pode aparecer e a que non pode aparecer neste documento, así como, tratar de identificar onde aparece reflectida. Nese mesmo cuestionario pediráselle o alumno que corrixa se é o caso cando a súa primeira resposta fose incorrecta, sempre deixando a resposta orixinal dada nun primeiro momento. O cuestionario será entregado ó

profesor e serviralle tamén a este para valorar e comprobar os coñecementos previos cos que contan os alumnos.

Como xa se indicou o profesor procederá a explicar as cuestións máis teóricas nas clases expositivas, utilizarase como material básico fundamentalmente o PXC en todo o relacionado co balance e tamén determinados aspectos relativos a este estado contable da norma internacional de contabilidade (NIC) núm. 1 «Presentación de Estados Financeiros». Acto seguido, nas sesións interactivas tentarase que o alumnado aplique e poña en práctica os conceptos teóricos. Para desenvolver estes contidos comentarase unha serie de exemplos e resolverase unha serie de exercicios prácticos, tanto nas horas de clase como por conta do alumno. Nos distintos exemplos que se utilizaran para ilustrar o tema, de forma deliberada, apareceran as partidas máis conflitivas a hora de formular un balance, co obxectivo de poder xerar debate na aula e opinións encontradas que incitarán a unha maior reflexión por parte do alumno. Os exercicios van consistir en que a partir das contas de unha empresa determinen qué modelo é obrigatorio confeccionar, formular de forma correcta un balance tendo en conta a correcta situación nos distintos apartados cos que conta un balance, para unha mesma empresa e cos mesmos datos faranse dous modelos (normal e abreviado) para que de esta forma identifiquen as diferenzas e por último identificar e comprender a información subministrada por este estado contable, vendo tamén as diferenzas que hai entre os distintos modelos. Ademais do material básico proporcionaráselle o alumno un cadro resumo dos tipos de balance cos que se pode atopar (anexo 1) e o modelo máis completo de balance (anexo 2), para un mellor seguimento da materia nas clases.

Xa por último, os alumnos en grupo e fóra das horas de clase, deben analizar, tratar e revisar o balance da empresa (os distintos grupos formados elixen o principio de curso unha empresa, para traballar con ela a hora de facer os distintos traballos que se lle van pedindo o longo do curso) para responder a unha serie de cuestións formuladas. Estas cuestións tratarán sobre determinada información que pode proporcionar un balance e a misión do alumno e a súa localización e interpretación para poder responder as cuestións.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

En xeral a avaliación da materia levarase a cabo (como se indica no programa) a través de dúas actuacións: avaliación continua e proba teórico-práctica final. A avaliación continua terá un peso do 40% na cualificación.

Levarase a cabo ó comezo da unidade didáctica (inicial), ó longo do seu desenvolvemento (procesual) e ó seu remate (final).

A avaliación inicial terá lugar na primeira sesión e consistirá na formulación de cuestións e identificación de determinados datos que aparecen e tamén sobre outros que non aparecen nun balance, ademais de como xa se apuntou antes, a realización por parte do alumno dun pequeno cuestionario, utilizando unhas contas anuais dunha empresa real. Isto permitiranos formarnos unha idea dos coñecementos previos.

A medida que se van impartindo as distintas sesión levaremos a cabo a avaliación procesual, o obxectivo é detectar as dificultades de aprendizaxe dos alumnos, e se fose o caso, introducir os axustes necesarios. Supervisaranse os exercicios feitos na clase, os propostos para facer na casa e as dúbidas que lles poden ir xurdindo no traballo en grupo que deben entregar o finalizar o tema.

A avaliación final levarase a cabo como se determina no programa da materia, que consistira nunha proba teórica-práctica final, na que se avaliará o dominio dos conceptos teóricos adquiridos así como a súa aplicación a casos prácticos, terá un peso de ata 6 puntos na nota final.

ANEXOS

Anexo 1 Modelos de contas anuais

	MODELO PEMS		MODELO ABREVIADO		MODELO NORMAL	
	MICROEMPRESA	RESTO PEMS				
	Balance, perdas e ganancias, estado cambios patrimonio neto, memoria		Balance, estado cambios patrimonio neto, memoria	Perdas e ganancias	Balance, estado de cambios patrimonio neto, estado de fluxos de efectivo, memoria	Perdas e ganancias
Condições	Durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos, dúas das circunstancias seguintes (1):		Durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos, dúas das circunstancias seguintes (1):			
Total activo (€)	≤ 1.000.000	≤ 2.850.000	≤ 2.850.000	≤ 11.400.000	Resto	Resto
Importe neto cifra negocios (€)	≤ 2.000.000	≤ 5.700.000	≤ 5.700.000	≤ 22.800.000	Resto	Resto
N.º medio traballadores	≤ 10	≤ 50	≤ 50	≤ 250	Resto	Resto

(1) No exercicio social da súa constitución, transformación ou fusión, as sociedades poderán formular contas anuais segundo o modelo de PEMS ou o Modelo Abreviado, se reúnen, ó peche do exercicio, cando menos dúas das tres circunstancias expresadas no cadro anterior.

Anexo 2 Modelo balance de situación normal

Nº CONTAS	ACTIVO	NOTAS da MEMORIA	200X	200X-1
	A) ACTIVO NON CORRENTE			
	I. Inmobilizado intanxible.			
201, (2801), (2901)	1. Desenvolvemento.			
202, (2802), (2902)	2. Concesións.			
203, (2803), (2903)	3. Patentes, licenzas, marcas e semellantes			
204	4. Fondo de comercio			
206, (2806), (2906)	5. Aplicacións informáticas			
205, 209, (2805), (2905)	6. Outro inmovilizado intanxible			
	II. Inmobilizado material			
210, 211, (2811), (2910), (2911)	1. Terreos e construcións			
212, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, (2812), (2813), (2814), (2815), (2816), (2817), (2818), (2819), (2912), (2913), (2914), (2915), (2916), (2917), (2918), (2919)	2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material			
23	3. Inmovilizado en curso e anticipos			
	III. Investimentos inmobiliarios			
220, (2920)	1. Terreos			
221, (282), (2921)	2. Construcións			
	IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
2403, 2404, (2493), (2494), (293)	1. Instrumentos de patrimonio			
2423, 2424, (2953), (2954)	2. Créditos a empresas			
2413, 2414, (2943), (2944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiras a longo prazo			
2405, (2495), 250, (259)	1. Instrumentos de patrimonio			
2425, 252, 253, 254, (2955), (298)	2. Créditos a terceiro			
2415, 251, (2945), (297)	3. Valores representativos de débeda			

Nº CONTAS	ACTIVO	NOTAS da MEMORIA	200X	200X-1
255	4. Derivados.			
258, 26	5. Outros activos financeiros			
474	VI. Activos por imposto diferido			
	B) ACTIVO CORRENTE			
580, 581, 582, 583, 584, (599)	I. Activos non correntes mantidos para la venda			
	II. Existencias			
30, (390)	1. Comerciais			
31, 32, (391), (392)	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
33, 34, (393), (394)	3. Produtos en curso			
35, (395)	4. Produtos terminados			
36, (396)	5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados			
407	6. Anticipos a provedores			
	III. Debedores comerciais e outras contas para cobrar			
430, 431, 432, 435, 436, (437), (490), (4935)	1. Clientes por vendas e prestacións de servizos			
433, 434, (4933), (4934)	2. Clientes, empresas do grupo e asociadas			
44, [Contas 5531 y 5533 suprimidas por RD 1159/2010 art. 4.seis.1.a), BOE 24-09-2010]	3. Debedores varios			
460, 544	4. Persoal			
4709	5. Activos por imposto corrente.			
4700, 4708, 471, 472	6. Outros créditos coas Administracións Públicas.			
5580	7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos			
	IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
5303, 5304, (5393), (5394), (593)	1. Instrumentos de patrimonio			
5323, 5324, 5343, 5344, (5953), (5954)	2. Créditos a empresas			
5313, 5314, 5333, 5334, (5943), (5944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			

Nº CONTAS	ACTIVO	NOTAS da MEMORIA	200X	200X-1
5353, 5354, 5523, 5524	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
5305, 540, (5395), (549)	1. Instrumentos de patrimonio			
5325, 5345, 542, 543, 547, (5955), (598),	2. Créditos a empresas			
5315, 5335, 541, 546, (5945), (597)	3. Valores representativos de débeda			
5590, 5593	4. Derivados			
5355, 545, 548, 551, 5525, 565, 566	5. Outros activos financeiros			
480, 567	VI. Periodificacións a curto prazo			
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes			
570, 571, 572, 573, 574, 575	1. Tesouraría			
576	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)			

N.º CONTAS	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS da MEMORIA	200X	200X-1
	A) PATRIMONIO NETO			
	A-1) Fondos propios			
	I. Capital			
100, 101, 102	1. Capital escriturado			
(1030), (1040)	2. (Capital non esixido)			
110	II. Prima de emisión			
	III. Reservas			
112, 1141	1. Legal e estatutarias			
113, 1140, 1142, 1143, 1144, 115, 119	2. Outras reservas			
(108), (109)	IV. (Accións e participacións en patrimonio propias)			
	V. Resultados de exercicios anteriores			
120	1. Remanente			
(121)	2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)			

N.º CONTAS	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS da MEMORIA	200X	200X-1
118	VI. Outras achegas de socios			
129	VII. Resultado do exercicio			
(557)	VIII. (Dividendo a conta)			
111	IX. Outros instrumentos de patrimonio neto			
	A-2) Axustes por cambios de valor			
133	I. Activos financeiros dispoñibles para a venda			
1340	II. Operacións de cobertura			
137	III. Outros			
130, 131, 132	A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos			
	B) PASIVO NON CORRIENTE			
	I. Provisións a longo prazo			
140	1. Obrigas por prestacións a longo prazo ap persoal.			
145	2. Actuacións ambientais			
146	3. Provisións por reestruturación			
141, 142, 143, 147	4. Outras provisións			
	II Débedas a longo prazo			
177, 178, 179	1. Obrigas e outros valores negociables			
1605, 170	2. Débedas con entidades de crédito			
1625, 174	3. Acredores por arrendamento financeiro			
176	4. Derivados			
1615, 1635, 171, 172, 173, 175, 180, 185, 189	5. Outros pasivos financeiros			
1603, 1604, 1613, 1614, 1623, 1624, 1633, 1634	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
479	IV. Pasivos por imposto diferido			
181	V. Periodificacións a longo prazo			
	C) PASIVO CORRENTE			
585, 586, 587, 588, 589	I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda			

N.º CONTAS	PATRIMONIO NETO E PASIVO	NOTAS da MEMORIA	200X	200X-1
499, 529	II. Provisións a curto prazo			
	III. Débedas a curto prazo			
500, 501, 505, 506	1. Obrigas e outros valores negociables			
5105, 520, 527	2. Débedas con entidades de crédito.			
5125, 524	3. Acredores por arrendamento financeiro			
5595, 5598	4. Derivados			
(1034) (1044) (190), (192), 194, 509, 5115, 5135, 5145, 521, 522, 523, 525, 526, 528, 551, 5525, [Contas 5530 e 5532 suprimidas por RD 1159/2010 art. 4.seis.1.b), BOE 24-09-2010], 555, 5565, 5566, 560, 561, 569	5. Outros pasivos financeiros			
5103, 5104, 5113, 5114, 5123, 5124, 5133, 5134, 5143, 5144, 5523, 5524, 5563, 5564	IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	V. Acredores comerciais e outras contas para pagar			
400, 401, 405, (406)	1. Provedores			
403, 404	2. Provedores, empresas do grupo e asociadas			
41	3. Acredores varios			
465, 466	4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)			
4752	5. Pasivos por imposto corrente.			
4750, 4751, 4758, 476, 477	6. Outras débedas coas Administracións Públicas			
438	7. Anticipos de clientes			
485, 568	VI. Periodificacións a curto prazo.			
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)			

BIBLIOGRAFÍA

- ARCHEL DOMENCH, P., LIZARRAGA DALLO, F. e SANCHEZ ALEGRÍA, S. (2008): *Estados contables. Elaboración, análisis e interpretación*, Ed. Pirámide, Madrid.
- CARRASCO GALLEGO, A. [et al.] (2009): *Estados financieros. Teoría y casos prácticos*, Ed. Pirámide, Madrid.
- GARRIDO MIRALLES, P., ÍÑIGUEZ SÁNCHEZ, R. (2010): *Análisis de estados contable. Elaboración e interpretación de la información financiera*, Ed. Pirámide, Madrid.
- REAL DECRETO 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade. Disponível en http://boe.es/boe_gallego/dias/2007/11/20/pdfs/A00003-00152.pdf [Consulta: 002/007/2011].
- REAL DECRETO 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas. Disponível en http://boe.es/boe_gallego/dias/2007/11/21/pdfs/A00003-00102.pdf [Consulta: 02/07/2011]



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

